DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL
SANTIAGO ,6-VI-1978.

C/ DR. TEIJEIRO, 11
TELÉFONO 59 21 16

Querido Luis: Somentes duas liñas para comunicarte que, por diversas razóns, aceptei a invitación do Centro Galego e asistirei iste ano ao Día de Galicia ahí, en Bós Aires.

Estaremos xuntos, e iso é o que máis me anima do viaxe. Como a miña actividade quedará ben programada e non será excesiva, dispondrei de tempo para que falemos e convivamos moitas xeiras bonaerenses. Hai moito de qué tratar. Irá tamén Elena que se atopa francamente mellorada.

É unha ledicia pensar en vós e en nós ahí, xuntos. Espléndido.

Pensamos chegar arredor do día 23. A data de regreso xa non ten urxencia pois o mes de Agosto coincide coas miñas vacacións.

De palabra respostarei á tua derradeira carta.

Fortes apertas de Elena e miñas para os dous.

Domingo.